

Nota curricular do Director.

DANIEL PORTAS GONZÁLEZ

Comeza os estudos musicais ós dez anos na Escola de Música da Banda Unión Musical de Meaño. No ano 1995 entra a formar parte como trombón solista da Banda de Música Municipal de Pontevedra. Remata os seus estudos de grado medio e grado superior coa calificación de Premio de Honra. No ano 1997 entra a formar parte da X.O.G.A (Orquesta Xove de Galicia).

Foi membro fundador de varios quintetos de metais (Quinteto de metais Santa Eulalia, Quinteto de tubas de Galicia, etc.).

En Xaneiro de 2003 obtivo o 3º premio de Novos Intérpretes organizado pola Federación de Bandas de Música de Vigo.

Estudou con profesores como: Jesús Juan de Oriola, Juan Carlos Igea, Indalecio Bonet, Joaquín Viñedo Davó, Feliciano Morales Monteagudo, Ricardo Casero, Michel Bequet, Ruben Prades, Petur Eiriksson, Alberto Urretxo, Unai Urretxo, Francisco Rosado, Christian Limberg, Jay Friedman, Rex Martin, Scott Hartmann, etc.

Actualmente colabora con diversas orquestas de ámbito nacional como: Orquesta Sinfónica de Castilla León, Orquesta Sinfónica de Bilbao, Orquesta Nacional de España, Orquesta Ciudad de Granada, Real Filarmonía de Galicia, etc.

Asistiu a varios cursillos de dirección con mestres como Jan Cober, Marcel Van Bree, etc...

Dirixiu a Banda Xuvenil de Barro, onde acadou grandes éxitos: II Premio sección 3ª ano 2002 no Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, II Premio sección 2ª ano 2003 no Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, II Premio ano 2004 sección 1ª no Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, II Premio no Certame de Bandas de Valencia no ano 2004, III Premio no Certame de Bandas Villa De Aranda del Duero (Burgos), etc.

En Xuño do 2007 actuou como director invitado coa Banda Municipal de Música de Lalín nos concertos de Primavera que se celebraron no Auditorio Municipal de Lalín.

Foi dirixido por prestixiosos mestres como: Juanjo Mona, Pedro Halfter, Maximino Zumalave, Antoni Ros Marbá, Jesús López Cobos, William Costello, Yoav Talmi, John Nechsling, Paul Daniel, Aldo Ceccato, etc.

Actualmente é Profesor de Trombón no Conservatorio Profesional de Música de Lalín, e trombón solista da Banda Municipal de Santiago de Compostela.

A mediados do 2007, faise cargo da Dirección da Banda de Música de Caldas, acadando o Segundo Premio no VII Certame de Bandas de Música da Deputación provincial de Pontevedra, na Sección Terceira, na que foi a primeira participación neste Certame da formación bandística de Caldas.

En xullo do 2008 acada unha Mención Especial na participación do Certame de Bandas de Música de Valencia, dirixindo á BMM de Caldas.

No ano 2009 obtivo un segundo Premio no Certame comarcal de Valga, e en agosto deste mesmo ano acada unha Mención Especial no Certame internacional de B. de M. de Aranda do Douro, en Burgos.

No ano 2010, no Certame Autonómico de Santiago de Compostela obtivo o 2º Premio na Sección Especial.

Caldas, 18 de xaneiro do 2011.